



Carmen Pomar asiste á mesa redonda Universitarias, Científicas e Emprendedoras

Lun, 09/03/2020 - 20:30



A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar, asistiu esta tarde á mesa redonda Universitarias, Científicas e Emprendedoras, organizada polo Ateneo de Santiago co gallo do Día Internacional da Muller, e que xirou arredor da situación das mulleres na sociedade e do fomento da igualdade. Neste sentido, e dado o perfil das participantes, afondouse no papel das mulleres como científicas, emprendedoras e investigadoras.

Moderada pola vicerreitora de Comunicación, Cultura e Servizos da Universidade de Santiago de Compostela (USC), María Mar Lorenzo Moledo, na mesa participaron a catedrática en Farmacoloxía Mabel Loza, a doutora en Química Carme Pampín Casal e Eva López Barrio, técnica de transferencia do coñecemento do Programa Woman Emprende da USC e coordinadora do Proxecto Innovatía 8.3 do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades.

Información xeral

- [Alertas e avisos](#)
- [Glosario](#)
- [Anexos ao perfil do contratante](#)
- [Sitio web](#)



IMPRIMIR



RECOMENDAR



XUNTA
DE GALICIA

© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia

Atención á cidadanía UAC Accesibilidade Mapa do portal

galicia